



12 XUÑ 2017



CERTIFICAI



SR. ALCALDE DO CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Servizo de Asistencia Técnico Urbanística do Concello de Boqueixón
RECURSO DE REPOSICIÓN

ANTONIO MAROÑO CAL, provisto de D.N.I 32768677W e domicilio a, estes efectos, en Praza da Quintana 1, 2º, 15704 Santiago de Compostela, e dirección de correo electrónico secretaria@colexiodearquitectos.org aos efectos de preferencia de notificación electrónica, actuando en nome do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con CIF Q1575005B, en calidade de Decano, en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 38a) dos seus Estatutos (aprobados por decreto 105/2016 e publicados no D.O.G nº 153 de 12 de agosto de 2016), polo presente escrito comparece e, en representación da mencionada entidade e como mellor proceda en dereito,

DI:

Primeiro.- Que no BOP de A Coruña nº 89 de 12/05/2017, publicase o anuncio do Sr Alcalde de Boqueixón, da convocatoria da licitación para a contratación do servizo de asistencia técnica urbanística do concello de Boqueixón mediante procedemento aberto cun único criterio de adjudicación (factor prezo) e tramitación ordinaria.

Segundo.- Como consecuencia de dito anuncio puidemos ter coñecemento das condicións que regulan dita convocatoria, recollidas nun único prego denominado prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e considerando que estas non se axustan a Dereito e infrinxindo os principios xerais que han rexer a contratación pública, recollidos no artigo 1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, e que lesionan os intereses profesionais lexítimos e directos do colectivo ao que represento, considero obrigado facer respectuosamente as presentes alegacións, con natureza de **recurso de reposición** en impugnación de dita Resolución de 5 de maio de 2017 pola que se anuncia a licitación incluíndo no ámbito do presente recurso a aprobación do prego de condicións da licitación, en base aos argumentos e consideracións que en diante se expoñen e ao obxecto de que os pregos e a licitación, sexan anulados sobre a base dos seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO

CONCELLO DE BOQUEIXÓN REXISTRO XERAL
Registro de Entrada
Oficina 000 Nº. 20170000001223 13/06/2017 10:49:58

Primeiro.- O acto é susceptible de impugnación mediante o presente recurso de reposición en virtude do disposto no artigo 40.5 parágrafo segundo do Real Decreto 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) así como os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Segundo.- O Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia goza de lexitimación para promover o presente recurso conforme establece o art. 4 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e o artigo 5 g) da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, en tanto entre os seus fins atópase o de representar e defender os intereses xerais da profesión así como entre as súas responsabilidades encontrase velar pola defensa dos



intereses colectivos dos Arquitectos da súa circunscrición territorial, polo que, resultando os pregos impugnados conculcadores de principios fundamentais da contratación pública que condicionan a concorrncia en réxime de igualdade dos arquitectos no procedemento, esta institución ten interese lexítimo en que a desviación administrativa se reconduza en fase administrativa ou xudicial.

O presente recurso preséntase, en forma e prazo, de conformidade co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, e o procedemento a seguir será o establecido nos artigos 115 a 120 e 123 e 124 da citada Lei.

Terceiro.- En canto ao **FONDO DO ASUNTO**, fai as seguintes alegacións:

- **OBJECTO DO CONTRATO INDETERMINADO.** Infracción do artigo 86, art 115 e art.1, en canto a infracción do principio de transparencia, do Real Decreto Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP)

"1. OBJECTO E RÉXIME XURÍDICO

Este prego ten por obxecto a contratación do servizo de asistencia técnico -urbanística do Concello de Boqueixón. A prestación axustarase ás condicións sinaladas neste prego que forma parte integrante do mesmo.

O servizo comprenderá, a asistencia técnica e urbanística cando sexa preciso para a prestación dos servizos de competencia municipal que se demanden desde o Departamento de Urbanismo ou outros departamentos municipais que puntualmente o precisen.

O contratista que resulte adxudicatario deberá contar cos medios persoais e materiais suficientes para a realización de calquera proxecto técnico que lle sexa solicitado polo concello.

Serán funcións dos técnicos designados polo adxudicatario:

A.- Expedientes promovidos por particulares:

- Informar solicitudes de licenzas urbanísticas e comunicacións previas
- Informar os expedientes de actividades sometidas ao procedemento de incidencia ambiental e de apertura de establecementos.
- Emitir informes urbanísticos.
- Fixar aliñacións e rasantes en todas as obras.

B.- Expedientes de obras municipais:

- Colaborar e orientar profesionalmente a viabilidade das obras municipais.
- Confeccionar memorias valoradas e, no seu caso, proxectos técnicos para a execución das obras incluídas en plans municipais e outros (POS, PCD, PCC, e outros que os substitúan).
- Intervir nas actas de replanteo, desenvolvemento e recepción das obras municipais.



- Medir e peritar os bens integrantes do patrimonio municipal, así como os particulares cando resulte preciso para a súa incorporación a un expediente municipal.
- Informar os expedientes de adquisición dos terreos necesarios para a execución das obras.

C. Expedientes en materia urbanística.

- Informar os instrumentos de planeamento de iniciativa pública ou privada que tramite ou concello.
- Informar os expedientes de execución do planeamento.
- Información aos particulares.
- Informar por escrito sobre ou réxime e condicións urbanísticas aplicables a un terreo concreto ou ao sector, polígono ou ámbito de planeamento non que se atope incluído.
- Asesoramento e asistencia ao órgano competente nos expedientes de reposición da legalidade urbanística.
- Asesoramento e asistencia ao órgano competente nos expedientes sancionadores por infracción urbanística.
- Informar os expedientes de cumprimento do deber de conservación e ruína.
- Informar calquera outro expediente que en materia urbanística se tramite polo Concello.
- Asesoramento e asistencia en xeral aos órganos competentes en materia urbanística.

D.- Un día á semana, un técnico acudirá ó concello para realizar funcións de asesoramento ós veciños que o soliciten, ós membros da corporación e ós traballadores do concello, para o que se establecerá un horario de atención ó público.

Están excluídas das funcións anteriores todas aquelas materias que a lexislación de réxime local ou lexislación urbanística atribúe a persoal funcionario.

Os traballos que se encarguen ao adxudicatario que non se atopen especificados esta cláusula, serán abonados con carácter independente deste contrato de acordo coas tarifas de honorarios vixentes.

O persoal que preste ou servizo será libremente designado polo adxudicatario, sempre que conte coa titulación suficiente para o acto concreto en que interveña, responsabilizándose de tales actos un profesional coa titulación esixida neste prego. "

O obxecto do contrato non está determinado coa debida certeza e claridade como impón a lei e queda condicionado a eventuais indicacións futuras e posteriores do órgano de contratación. Tras realizar unha enumeración de funcións que terán os "técnicos designados polo adxudicatario" afirma que están excluídas das funcións expresadas na cláusula "todas aquelas materias que a lexislación de réxime local ou lexislación urbanística atribúe a persoal funcionario" sen aclarar o máis mínimo cales son para a continuación afirmar que se poden encargar ao adxudicatario traballos que non se encontren en dita relación de funcións sen aclarar tampouco que traballos poden ser e, afirmando que tal caso serán abonados "de acordo coas tarifas de honorarios vixentes".

O obxecto do contrato é un dos requisitos esenciais do contrato. A determinación do obxecto é unha esixencia xeneral de todos os contratos como establece o artigo 1.273 do Código Civil.



Así no ámbito da contratación administrativa o **artigo 86 do Real Decreto Legislativo 3/2011** polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (en diante TRLCSP) dispón que o obxecto do contrato debe ser determinado.

Polo exposto, considérase que se **infrinxe o artigo 115 TRLCSP** na medida en que non se respecta o contido mínimo que deber ter o Prego de cláusulas administrativas particulares, no entendemento de que a determinación do obxecto do contrato é insuficiente e non permite facerse unha idea clara dos dereitos e obrigas. De igual modo, o artigo 2.2 do Regulamento Xeneral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, que dispón: *"No podrán celebrarse contratos en los cuales la prestación del contratista quede condicionada a resoluciones o indicaciones administrativas posteriores a su celebración, salvo lo establecido en los artículos 125 y 172.1 a) de la Ley para los contratos mixtos de redacción de proyectos y ejecución de obra y para el contrato de suministro, respectivamente"*. **Todo iso supón ademais unha infracción do principio de transparencia na contratación pública (art. 1 TRLCSP), incumprindo a obriga de facilitar a información necesaria aos licitadores.**

- **A SOLVENCIA. Infracción dos artigos 78, 79 bis, 80, 81 e 1 TRLCSP.**

A Cláusula 7 do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas reguladora da documentación que ha de presentar o licitador e a forma de dita presentación, na súa letra e) dispón:

"e) Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e que, de xeito preferente:

- Informe das institucións financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

- Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos 5 anos que inclúa importe, datas e beneficiarios públicos ou privados dos mesmos.

- Estar en posesión da certificación acreditativa da implantación do sistema de Xestión da Calidade (ISO 9001) en traballos de asistencia técnica e urbanística.

- Estar en posesión da certificación acreditativa da implantación do sistema de Xestión Ambiental (ISO 14001) en traballos de asistencia técnica e urbanística."

Signala o **informe da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa MEH_036/2007**, e é unanimemente recollido polo resto de xuntas consultivas e tribunais, os requisitos que deben cumprir os medios de acreditación da solvencia seguintes:


- Que figuren no prego de cláusulas administrativas particulares e no anuncio do contrato.
- Que sexan criterios determinados.
- Que estean relacionados con obxecto e importe do contrato.
- Que se encontren entre os enumerados nos artigos 75 a 78 segundo o contrato de que se trate.



Compre manifestar, en primeiro lugar, que os medios de acreditación da solvencia non están indicados no anuncio do contrato no BOP e tampuco están detallados de xeito claro no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas xa que establece "Os que xustifiquen os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, e que, de xeito preferente: (...)" polo que detalla unicamente aqueles que se van considerar de xeito preferente.

En canto ao debido requisito de que deben ser criterios de solvencia determinados, ten a súa base en que neste aspecto de esixencia da solvencia, o órgano de contratación non se limita a elixir o modo de acreditala senón que ademais esténdese (artigo 75 TRLCSP apartado 3 in fine e no mesmo sentido os artigos 76 a 78) a indicar os valores mínimos esixidos a partires dos cales entenderase acreditada a solvencia. Ao respecto sinala o artigo 79 bis TRLCSP:

"La concreción de los requisitos mínimos de solvencia económica y financiera y de solvencia técnica o profesional exigidos para un contrato, así como de los medios admitidos para su acreditación, se determinará por el órgano de contratación y se indicará en el anuncio de licitación o en la invitación a participar en el procedimiento y se detallará en los pliegos, en los que se concretarán las magnitudes, parámetros o ratios y los umbrales o rangos de valores que determinarán la admisión o exclusión de los licitadores o candidatos. En su ausencia serán de aplicación los establecidos reglamentariamente para el tipo de contratos correspondiente, que tendrán igualmente carácter supletorio para los no concretados en los pliegos."



Os criterios de solvencia a diferenza dos criterios de adjudicación non son criterios cuantificables; a solvencia para a execución dun contrato posúese ou non e neste sentido a solvencia non se determina por comparación da do resto das empresas. Pero si ben a solvencia non se determina por comparación coa do resto das empresas, si resulta necesario e esixido legalmente, como vimos, que se concrete o umbral que permita determinar si o participe a posúe ou non a mesma. Como xa apuntamos anteriormente o órgano e contratación non debe limitarse a escoller un ou varios medios concretos de acreditación de entre os enumerados na Lei, senón será un puro formalismo sen relevancia práctica obrigando á Administración a aceptar como solvente a calquera contratista pola simple presentación duns documentos (un certificado bancario, unha relación de traballos, un seguro de indemnización por riscos profesionais sexa cal sexa o importe da súa cobertura, etc....). Así por exemplo, en cuanto á experiencia para a acreditación da solvencia técnica, debe fixarse un número mínimo de traballos semellantes cunha determinada contía e o mesmo respecto do nivel mínimo de cobertura do seguro no caso da solvencia económica e sempre, claro está, respectando o principio de proporcionalidade en relación á contía do contrato. De xeito que cando non se fixan eses umbrais mínimos a consecuencia non pode ser unha fixación a posteriori dos mesmos por parte da mesa de contratación de xeito que se produzan exclusións por criterios que non veñan fixados previamente, senón que deberán admitirse como solventes a aqueles que presenten un seguro sexa cal sexa o seu nivel de cobertura así como a relación dos principais servizos ou traballos non últimos 5 anos, sen máis, sen que se poida entrar a facer unha función crítica sobre os mesmo.

Neste sentido resulta moi clarificadora a **Recomendación 1/2011 da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Aragón** do que reproducimos o seguinte fragmento:



“Así, todavía son frecuentes los Pliegos en los que se indican los medios señalados para acreditar tanto la solvencia económica como la técnica mediante el simple recurso de transcripción del contenido de los artículos 64 a 68 LCSP, o la remisión a éstos, pero sin precisar, con la proporcionalidad adecuada, el nivel mínimo de solvencia económica y técnica que se considera suficiente para la futura ejecución contractual y, en ocasiones, sin concretar la forma de acreditación. De este modo, se obliga a la Administración a la aceptación como solvente de cualquier contratista, por la simple presentación de unos documentos (certificados bancarios, balances, relación de trabajos etc.) sin que pueda ejercer una función crítica sobre ellos.

Se insta en este punto a los órganos de contratación, que no solo seleccionen los medios de entre los señalados en los artículos 64 a 68 LCSP que mejor sirvan para acreditar las condiciones de solvencia de los licitadores en relación con el concreto contrato, pudiendo optar por uno, varios o todos de los que se especifican en dichos artículos, sino que necesariamente determinen en los pliegos y en el anuncio, las condiciones mínimas que deban alcanzar los licitadores en cada medio seleccionado, así como el instrumento concreto exigido para la acreditación (declaración responsable, certificados etc.). Así, a modo de ejemplo, será adecuado establecer como medio de solvencia económica, el volumen global de negocio siempre que se señale un límite cuantitativo concreto y proporcionado con el objeto del contrato, y la forma en la que acreditarán los licitadores el cumplimiento del requisito exigido. De no hacerlo así, no pueden acordarse exclusiones en base a criterios no establecidos previamente, ya que supondría una quiebra al principio de concurrencia e igualdad de trato.”]

O tema das condicións de solvencia está directamente vinculado co principio de transparencia e non podemos esquecer que segundo indica a **Comisión Europea na súa comunicación interpretativa sobre o Dereito comunitario aplicable na adxudicación de contratos non cubertos polas Directivas de contratación pública (2006/C179/02)** “Las entidades adjudicadoras (4) de los Estados miembros deben cumplir las normas y principios del Tratado CE en todas las adjudicaciones de contratos públicos que entren en el ámbito de aplicación del mismo. Estos principios incluyen la libre circulación de mercancías (artículo 28 del Tratado CE), el derecho de establecimiento (artículo 43), la libre prestación de servicios (artículo 49), la no discriminación y la igualdad de trato, la transparencia, la proporcionalidad y el reconocimiento mutuo”. Así mesmo, dispón que se conseguirá cumprir cos principios de contratación dos tratados, entre outros medios, mediante o “Planteamiento transparente y objetivo” no entendimento de que “*todos los participantes deberán poder conocer previamente las normas aplicables y tener la certeza de que estas normas se aplican de igual forma a todos los operadores*”. O principio de transparencia implica que todos os potenciais licitadores deban coñecer, no momento de preparar as súas ofertas todos os factores que van ser tidos en conta tales como os criterios e ou subcriterios de adxudicación, os criterios de solvencia ou calquera outro e deben ser o suficientemente claros para que poidan ser interpretados de igual xeito por todos os licitadores.

Polo ata aquí exposto podemos afirmar que **os criterios de solvencia non están nin indicados no anuncio de licitación nin están debidamente detallados no prego de xeito que son están determinados e, mesmo aqueles que se se considerarán “de xeito preferente”, en concreto o seguro e a relación de traballos dos últimos 5 anos adolecen dunha indeterminación adicional ao non establecer o umbrais mínimos que se deben cumprir para considerar aos licitadores como solventes o que supón unha clara infracción do principio fundamental de**



transparencia que debe rexer toda licitación pública (infracción do artigo 1 TRLCSP) e resultando igualmente infrinxidos os artigos 78.2, e 79 bis TRLCSP.


Procede agora facer referencia expresa aos seguintes criterios para acreditar a solvencia técnica que se encontran no prego xunto coa relación de traballos nos últimos 5 anos e que son:

- Estar en posesión da certificación acreditativa da implantación do sistema de Xestión da Calidade (ISO 9001) en traballos de asistencia técnica e urbanística.

- Estar en posesión da certificación acreditativa da implantación do sistema de Xestión Ambiental (ISO 14001) en traballos de asistencia técnica e urbanística."

Estes certificados encontráanse referenciados nos artigos 80 e 81 do TRLCSP. Estes artigos 80 e 81 TRLCSP, establecen verdadeiros requisitos de solvencia en materia de acreditación do cumprimento de normas de garantía da calidade e de xestión medioambiental, pero para os participantes na licitación de contratos suxeitos a regulación harmonizada.

No caso de contratos non suxeitos a regulación harmonizada unicamente o artigo 76 TRLCSP relativo á solvencia técnica dos contratos de subministros no que se refire a certificados de calidade dispón na súa letra f) entre os medios de acreditación: "f) *Certificados expedidos por los institutos o servicios oficiales encargados del control de calidad, de competencia reconocida, que acrediten la conformidad de productos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificaciones o normas*". Máis esa posibilidade non se encontra para os contratos de servizos no artigo 78 que é o que establece os criterios para a acreditación da solvencia técnica neses contratos. No contratos de servizos o artigo 78 non contempla en absoluto como medio de acreditación da solvencia técnica os certificados de calidade. En relación á xestión ambiental tampouco o artigo 78 relativo a contratos de servizos establece entre os medios de acreditación os certificados de implantación dun sistema de xestión ambiental e contempla unicamente: "f) *En los casos adecuados, indicación de las medidas de gestión medioambiental que el empresario podrá aplicar al ejecutar el contrato.*" (Art.78.1 f) lo que tampoco ampara la petición de un certificado de xestión medioambiental.

 Queda claro, polo tanto, que os certificados de calidade e de xestión ambiental como os previstos no prego da presente licitación unicamente poden ser esixidos, en virtude do previsto nos artigos 80 e 81 TRLCSP en contratos suxeitos a regulación harmonizada. Máis non estamos ante un contrato suxeito a regulación harmonizada e é obvio que si a lei sinala a posibilidade de esixir tales certificados para os contratos suxeitos a regulación harmonizada, implicitamente prohíbe que poidan esixirse para aqueles que non sexan contratos SARA como é o caso da presente licitación do concello de Boqueixón. En tal sentido é clara a Resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais Resolución nº 140/2011, de 20 de maio en cuxo fundamento de dereito sexto o "Tribunal concluye que no puede el Instituto de la Mujer exigir a los licitadores la presentación de los certificados EFQM o ISO 9001 ni como requisito de aptitud de las empresas ni como requisito de solvencia" ao se tratar dun contrato de servizos e que non está suxeito a regulación harmonizada.

E mesmo nos contratos suxeitos a regulación harmonizada (que non é o presente caso) non se pode esixir, como se fai no prego, unicamente uns determinados certificados neste caso ISO senón que, ten establecido unha consolidada doutrina do Tribunal Administrativo Central de



Recursos Contractuales -podendo citar por todas a Resolución 65/2015, de 20 de xaneiro- os órganos de contratación tamén deben recoñecer:

- certificados equivalentes expedidos por organismos establecidos en calquera Estado membro da Unión Europea e
- outras probas de medidas equivalentes de xestión de calidade e medio ambiental que presenten os empresarios.

Polo exposto a **esixencia dos certificados ISO de calidade e de xestión ambiental infrinxen os artigos 78, 80 e 81 TRLCSP** en tanto ao non ser o contrato obxecto deste recurso un contrato suxeito a regulación harmonizada, os devanditos certificados non poden esixirse e tampouco se encontran entre os medios de acreditación da solvencia técnica para os contratos de servizos previstos no artigo 78. Neste sentido supón así mesmo, unha infracción dos principios fundamentais que rexen a contratación pública e do art. 1 TRLCSP, sendo uns criterios restritivos e que vulnera os principios de igualdade e non discriminación, de libre concorrencia así como o de salvagarda da libre competencia, que pode xerar exclusións ilícitas da licitación. E neste sentido, este criterios restritivos da concorrencia, poden deixar fora da licitación a moitos Arquitectos, cando á vista do obxecto do contrato, resultan non só técnicos competentes senón especialmente idóneos para a execución do contrato dadas as súas plenas competencias en materia de urbanismo, edificación, medio ambiente e patrimonio cultural.

Así mesmo, non podemos esquecer que como di **Directiva 2014/24/UE del Parlamento Europeo y del Consejo de 26 de febreiro de 2014 sobre contratación pública os requisitos de solvencia requiridos se limitarán aos que sexan acaídos para garantir que un licitador o candidato ten a capacidade financeira e as competencias técnicas e profesionais necesarias para executar o contrato que se vaia adxudicar** (artigo 58 da Directiva).

Nese sentido, á vista das principais funcións a realizar polo contratista sorprende ter optado por criterios ilegais e restritivos tales como os certificados ISO de calidade e xestión medio ambiental e non ter optado por outros medios lícitos e especialmente idóneos para determinar a solvencia técnica do licitador como é o previsto no **art. 78.1 e)**, isto é "**Las titulaciones académicas y profesionales del empresario y del personal directivo de la empresa y, en particular, del personal responsable de la ejecución del contrato**", á vista do obxecto do contrato e tendo en conta que as principais funcións que integran o obxecto do contrato son funcións propias de profesións reguladas como é a de Arquitecto.

E así o conxunto dos requisitos de solvencia técnica esixidos (traballos previos e certificados ISO de calidade e xestión medio ambiental) xunto co feito de establecer como único criterio de adxudicación o prezo, configuran esta licitación como **una licitación especialmente dirixida a empresas consultoras cunha maior capacidade de medios para ter ditos certificados e de realizar ofertas económicas máis baixas obviando a cantidade de profesionais liberais autónomos plenamente competentes e solventes para acceder a ela.**

E polo exposto,

SUPlico: Que se teña por presentado en tempo e forma recurso potestativo de reposición contra a convocatoria da licitación identificada no encabezamento deste escrito e, por acto de contrario imperio, se deixe sen efecto a mesma e o prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, con base nos artigos 33 do Real Decreto 3/2011 e e



Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia

48.1 da Lei 39/2015 no relativo ás infraccións de legalidade alegadas, para substituílos por outros pregos nos que se superen as infraccións alegadas.

TAMÉN SOLICITO: Que se teña ao Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia por personado no procedemento e se me notifiquen na representación que ostento as dilixencias que se practiquen e as resolucións que se diten, na forma legal.

Por ser de xustiza, que pido respectuosamente en Santiago, para Boqueixón a 12 de xuño de 2017.

Asdo. Antonio Maroño Cal
Decano
Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



COAG Colexio Oficial de
Arquitectos de Galicia
